

ACREDITACIÓN E CERTIFICADOS DE PROFESIONALIDADE NO SERGAS

CCOO presentou unha solicitude para que o SERGAS facilite ao seu persoal, tanto fixo como temporal, o **acceso á acreditación de competencias profesionais** e ao **Certificado de Profesionalidade**, do mesmo xeito que xa está a facer a Xunta de Galicia.

Actualmente, **a Xunta está a convidar directamente ao seu persoal a participar neste procedemento**, simplificando ao máximo a parte burocrática: o traballador ou traballadora só ten que premer nun enlace e autorizar a consulta dos seus datos, sendo a propia Administración quen achega a información necesaria sobre a experiencia profesional e as funcións realizadas durante a mesma.

CCOO reclámalle ao SERGAS que faga o mesmo, é dicir:

- Que se lle envíe unha notificación ou correo electrónico ao persoal interesado.
- Que cun simple click  se poida manifestar a vontade de iniciar o procedemento.
- Que, previa autorización do profesional, sexa a propia Administración quen facilite á Consellería de Educación as funcións realizadas no posto de traballo.
- Que nesta fase do proceso o persoal non teña que realizar máis trámites que autorizar o acceso aos seus datos.

Esta reclamación vai especialmente dirixida a aquelas **categorías profesionais do SERGAS nas que non foi requisito unha titulación académica específica** para o acceso, e nas que **a experiencia profesional (máis de 2000 horas nos últimos 15 anos) resulta clave para o recoñecemento das competencias**.

A experiencia profesional debe ser recoñecida de forma xusta, sinxela e en igualdade de condicións para todo o persoal da Administración Pública.

Para máis información, acode a túa sección sindical de CCOO